

ÍNDICE

1. Introducción
2. As titorías lectivas e de orientación
3. Obxectivos xerais
4. Material Didáctico
5. Contidos
6. Distribución temporal das unidades
7. Metodoloxía de estudo.
8. Avaliación

1. INTRODUCCIÓN

A materia de Historia da filosofía fai un longo percorrido polos principais autores e momentos do pensamento filosófico. Os contidos desta materia están secuenciados en catro grandes etapas históricas: **antiga, medieval e renacentista, moderna e contemporánea**. En cada unha delas serán abordados unha serie de autores e correntes especialmente significativos, seleccionando os temas máis importantes da súa obra para ter unha visión completa da historia da filosofía.

2. AS TITORÍAS LECTIVAS E DE ORIENTACIÓN

➤ Titorías lectivas

Debido á modalidade semipresencial desta ensinanza, as titorías lectivas dunha sesión semanal van dirixidas a abordar os aspectos fundamentais da materia e a orientar o alumno no estudo autónomo das unidades.

O alumno debe acudir ás titorías lectivas coas unidades preparadas, segundo o calendario lectivo que lle indique o profesor

➤ **Tutorías de orientación**

Están dirixidas a solucionar as dúbidas que suscite no alumnado o desenvolvemento das actividades, e a realizar as aclaracións necesarias aos problemas que xurdan no estudo da materia; e a ofrecer as orientacións necesarias, para resolver as dificultades que atope o alumno cando desenvolve o seu traballo autónomo de estudo.

Poderanse aproveitar para facer actividades modelo das que aparecerán nas probas de avaliación

3. OBXECTIVOS XERAIS

O proceso de ensinanza - aprendizaxe desta materia debe contribuír a que as alumnas e os alumnos desenvolvan as seguintes capacidades:

1. Coñecer os períodos da historia da filosofía e os seus representantes fundamentais.
2. Recoñecer as cuestións que ocuparon permanentemente a filosofía ao longo da súa historia e relacionalas con temas traballados en filosofía e cidadanía, utilizando con propiedade os conceptos adquiridos.
3. Comprender a vinculación entre o pensamento dos distintos autores e outras manifestacións da actividade humana do seu contexto histórico: socioeconómicas, políticas, científicas e artísticas.
4. Elaborar exposicións orais e composicións escritas acerca de temas determinados con claridade, corrección, plenitude e autonomía, exercitando na medida do posible unha reflexión persoal.
5. Comentar textos filosóficos analizando con rigor os seus conceptos e teses e comparándoos coa postura defendida noutros textos de diferente autoría acerca dos mesmos temas.
6. Desenvolver o hábito de ponderar con criterio opinións contrapostas a partir do contraste entre teorías e correntes filosóficas que se sucederon na historia.
7. Constatar a posición de cada representante dunha corrente filosófica sobre a diferenza de xénero e valorala á luz das crenzas e prácticas do seu contexto histórico.

8. Debater temas de actualidade en relación cos contidos da materia, fundamentando racionalmente a propia postura, recoñecendo as achegas doutras persoas e illando os prexuízos infundados.
9. Valorar o coñecemento do pasado como una achega continua de elementos que contribúen á comprensión do presente e á planificación do porvir.
10. Apreciar a lectura como medio de enriquecemento persoal e desenvolver un hábito inquisitivo e analítico en relación coa información

4. MATERIAL DIDÁCTICO

➤ **Material obrigatorio:**

APUNTES PROFESOR:

Ao alumno se lle proporcionará a través de fotocopias , por medio da páxina web do centro: www.centros.edu.xunta.es/iesriocabe/Departamentos/Filosofía/Adultos/Filosofía II ou por outros medios que se estimen oportunos os apuntes e todo o material necesario para a preparación de tódalas unidades que compoñen a materia

- **Material apoio:** Guía didáctica correspondente á materia da Consellería de educación: [www.edu.xunta.es/ensinanza/adultos/guías bacharelato semipresencial](http://www.edu.xunta.es/ensinanza/adultos/guías_bacharelato_semipresencial)

5. CONTIDOS

Filosofía Antiga

-As orixes da filosofía.

- * O paso do mito ao logos.
- * Os primeiros intentos de explicación racional: os presocráticos.

-Sócrates e Platón.

- * A ilustración ateniense: os sofistas e Sócrates.
- * Realidade e coñecemento desde a teoría das ideas.

* O ser humano e a sociedade.

-Aristóteles.

* A teoría da natureza.

* A ética e a política.

FICHA CURRICULARES SELECTIVIDADE

PLATÓN

I. MARCO HISTÓRICO E CONCEPTUAL

- ❖ A formación da polis grega
- ❖ Antecedentes presocráticos: Heráclito, Parménides e Anaxágoras
- ❖ Os Sofistas e Sócrates

II. COMPRENSIÓN

- ❖ A Teoría platónica das ideas: Mundo sensible e mundo intelixible
- ❖ Graos de Coñecemento
- ❖ A Concepción Política de Platón
- ❖ Antropoloxía platónica
- ❖ Vinvulación da alma á cidade

ARISTÓTELES

I. MARCO HISTÓRICO E CONCEPTUAL

- ❖ Crítica da doutrina platónica: O proceso de abstracción fronte ao acceso dialéctico ás ideas de corte platónico
- ❖ O tránsito cara o mundo helenístico

II. COMPRENSIÓN

- ❖ A teoría hylemórfica no seo da physis: A Kinesis ou cambio. Os principios do cambio.
- ❖ A teoría causal
- ❖ Xerarquía de seres e modos de ser

- ❖ motor inmóvil
- ❖ A idea de Cidadán en Aristóteles.
- ❖ A ética aristotélica: ethos e praxe, o concepto de areté
- ❖ A idea de polis e a condición de cidadán

Filosofía medieval

-Período helenístico e as escolas helenísticas.

-O contacto entre filosofía e relixión cristiá: Santo Agostiño de Hipona e San Tomé de Aquino.

* A relación entre razón e fe.

* A lei natural.

FICHA CURRICULAR SELECTIVIDADE

AGOSTIÑO E TOMÉ

I. MARCO HISTÓRICO E CONCEPTUAL

AGOSTIÑO DE HIPONA:

- ❖ Helenismo: Filosofía e Cristianismo
- ❖ As novas ideas fronte ao mundo grego

TOMÉ DE AQUINO:

- ❖ A noción de escolástica e o nacemento da universidade
- ❖ A recepción de Aristóteles: Averroes e o Averroísmo latino

II. COMPRENSIÓN

- ❖ Problema entre Razón e Fe en Santo Agostiño e en San Tomé
- ❖ Lei divina, lei natural e lei positiva en san tomé

Filosofía moderna.

-O Humanismo e o renacemento como tránsito á modernidade.

- * A revolución científica.
- * A xénese do Estado moderno.

-O racionalismo e o empirismo: Descartes, Locke e Hume.

- * Descartes: a evidencia do eu como criterio de certeza e punto de partida dun sistema dedutivo do saber.
- * A teoría do coñecemento empirista fronte ao racionalismo: o fenomenismo e a crítica da idea de causa en Hume.
- * Locke e a teoría do contrato social.

-A ilustración: o idealismo transcendental de Kant.

- * A crítica da razón como síntese de racionalismo e empirismo.
- * O formalismo moral.

FICHA CURRICULAR SELECTIVIDADE

DESCARTES, LOCKE E HUME

I. MARCO HISTÓRICO-CONCEPTUAL

- ❖ Renacemento e reforma
- ❖ A Vinculación do Empirismo e o Racionalismo ca revolución científica

II. COMPRENSIÓN

- ❖ problema do método: a idea de Substancia en Descartes e o problema da veracidade divina
- ❖ Fenomenalismo e causalidade en Hume
- ❖ A idea de s"estado de natureza" como fundamento ideolóxico do novo estado burgués: a teoría do contrato social en Locke

KANT

I. MARCO HISTÓRICO E CONCEPTUAL

- ❖ Factores políticos e culturais que no século XVIII conducen a Ilustración
- ❖ As novas ideas: progreso, educación ou iluminación, humanidade, civilización, natureza
- ❖ Características da razón ilustrada

II. COMPRENSIÓN

- ❖ A idea kantiana de Ilustración
- ❖ A síntese entre racionalismo e empirismo en Kant
- ❖ O formalismo moral

Filosofía contemporánea.

-Marx: a crítica do capitalismo.

- * Crítica ao idealismo e materialismo anterior: o concepto de alienación.
- * O materialismo histórico.

-Nietzsche: a crise da razón ilustrada.

- * A crítica dos valores da cultura occidental: o nihilismo.
- * A vontade de poder e o superhome

FICHA CURRICULAR SELECTIVIDADE

MARX

I. MARCO HISTÓRICO E CONCEPTUAL

- ❖ As influencias dos socialismo utópico, da esquerda hegeliana e da economía política
- ❖ Revolución industrial e movemento obreiro
- ❖ nacemento das ciencias sociais

II. COMPRENSIÓN

- ❖ concepto de alienación
- ❖ A análise da mercancía e o concepto de plusvalía
- ❖ O materialismo histórico

NIETZCHE

I. MARCO HISTÓRICO E CONCEPTUAL

- ❖ Un novo marco científico: evolucionismo e positivismo
- ❖ A herdanza da Ilustración

II. COMPRENSIÓN

- ❖ método xenealóxico
- ❖ Crítica da cultura occidental: o nihilismo
- ❖ A vontade de poder e o Superhome

Contidos Procedimentais:

- Potenciación de hábitos racionais que axuden aos alumnos a un tratamento lóxico e racional da información recibida.
- Dominio do vocabulario filosófico, atendendo especialmente as distintas significación de moitos termos segundo a escola ou época filosófica das que se trate..
- Lectura de textos filosóficos e científicos, atendendo a cultivar as capacidades comprensivas e expresivas.

6. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

DISTRIBUCIÓN DA MATERIA POR AVALIACIÓNS E QUINCENAS

Avaliación	Quincena	Unidades Didácticas e Contidos
1ª Avaliación	1	As orixes da filosofía. Sócrates e Sofistas
	2	Platón
	3	Platón
	4	Aristóteles
	5	Aristóteles
	6	Período Helenístico Filosofía e Cristianismo

2 ^a Avaliación	1	San agostiño Santo Tomé de Aquino
	2	Santo Tomé e Ockhan
	3	Humanismo e renacemento Descartes
	4	Descartes
	5	Locke e Hume Kant
3 ^a Avaliación	1	<u>Kant</u>
	2	<u>Kant</u>
	3	Marx
	4	Nietzche

Esta secuenciación é orientativa e provisional, loxicamente pode verse alterada pola marcha real do curso: ritmo tutorías, períodos vacacións, calendario avaliacións, ausencia profesor...etc

7. METODOLOXÍA

Dado o carácter a distancia desta modalidade de bacharelato, o estudo ten que ser autónomo, e nese sentido suxerimos a seguinte metodoloxía:

- ❖ Lectura atenta de cada apartado, na que se procura unha comprensión xeral, aclarando as dúbidas que xurdan sobre o significado dos conceptos ou termos.
- ❖ Segunda lectura na que se subliñan os contidos significativos.
- ❖ Elaboración dun resumo coherente a partir dos contidos sublimados.
- ❖ Reelaboración dun esquema ou mapa conceptual dos contidos.
- ❖ Realización das actividades propostas polo profesor
- ❖ Realización das actividades de autoavaliación da guía didáctica correspondentes á unidade estudada.
- ❖ Estudo comprensivo memorístico dos contidos.
- ❖ Repaso a través dos power point de cada unidade

Ademais, como sinalamos no apartado das titorías adicaremos as mesmas a exposición de contidos, orientación sobre a realización das tarefas e probas escritas e aclaración de dúbidas

8. AVALIACIÓN

a) Procedementos e Instrumentos de Avaliación

- Realización dunha ou varias probas escritas (exames) por avaliación. Faranse fundamentalmente dous tipos de probas: Unha que siga o modelo de exame proposto pola CIUG para a selectividade e outro tipo de proba que pode constar dunha ou varias das seguintes actividades:

- Análise e comentario de textos
- Desenvolvemento dun tema
- Resposta a preguntas ou cuestións
- Test
- Composición dun texto
- Elaboración de resúmenes, esquemas...

En ditas probas teranse en conta os seguintes aspectos:

- Exposición coherente das ideas.
- Uso da terminoloxía apropiada.
- Competencia lóxica e argumentativa.

Nas probas farase constar o valor de cada cuestión ou parte da mesma

- Realización de *traballos individuais* (de investigación, de análise, síntese..)
- Traballos sobre *libros* propostos e sobre os contidos explicados na aula.(Os traballos, comentarios ou exercicios que se realicen na casa deberán ser entregados na data fixada.)

b) Cualificación das actividades de avaliación

✓ **Procedementos e contidos**

Exames: Neles valórase tanto os **procedementos** como os **contidos**. Esta proba suporá o **95%** (nota. 9,5) da nota de avaliación.

Nota: Só se repetirá un exame ao alumno que faltase á primeira convocatoria si este presenta un xustificante oficial sobre as causas da súa ausencia ao mesmo

No caso de que se fixera algún traballo informarase ao alumno do valor destes traballos de cara a nota global da avaliación. En todo caso non se valorará o mesmo se non se teñen superado os exames da avaliación

✓ **Actitude**

Na valoración da actitude terase en conta aspectos como: *asistencia ás tutorías e realización das tarefas propostas*. En caso dunha valoración positiva destes aspectos suporá un **5%** (nota.0,5) máis sobre a nota resultado dos apartados anteriores. En caso dunha valoración negativa, non se sumará

a. Nota de Avaliación

No caso de que haxa máis dun exame farase media a partires dun **4** en cada un.

O total desta nota verase modificada pola valoración das actitudes.

b. Avaliación Final

A Cualificación final será o resultado da media das tres avaliacións.

Sistema de Recuperación

Farase un exame de recuperación por avaliación* (o exame valerá 10 puntos), este exame pode ser da totalidade de parciais ou ben só da parte na que a nota fose inferior a 4, neste caso este resultado fará media ca parte que o alumno teña aprobada.

A nota desta recuperación será a cualificación definitiva da avaliación.

***A recuperación da terceira avaliación poderá facerse, por falta de tempo, no exame final da materia.**

Exame final da materia.

Aqueles alumnos que non aprobasen por avaliacións, nin recuperasen, terán dereito a un exame final da materia. Este exame poderá ser de toda a materia ou só das partes nos superadas.

CALENDARIO AVALIACIÓNS

O alumnado será informado coa suficiente antelación das datas de cada unha das avaliacións así como do calendario de exames correspondentes

